

PAVILÓN



LINO


Unha comedia de variedades  
para toda a familia



Caramuxo Teatro

## **“O PAVILLÓN LINO”**

**“O Pavillón Lino”** é unha nova proposta cultural de Caramuxo Teatro que vai un paso mais alá de ser unicamente unha produción teatral. É un proxecto singular e creativo que pretende ter un interés cultural no sentido mais amplo da palabra, xa que a parte de ser un novo espectáculo teatral ten tamén a función de dar a coñecer e facer unha homenxe a un espazo xa desaparecido no panorama cultural galego: “O pavillón lino”. Un referente da arquitectura modernista aplicada a arte, que fora o primeiro espazo galego en presentar as características artísticas referidas ao modernismo situado na cidade da Coruña, que non existe dende o 1925. Era un pavillón de verán, construído no 1905, disposto para aproveitar a afluencia de público nas festas da cidade no mes de Agosto. Dentro do Pavillón Lino podían ofertarse diferentes actividades artísticas e culturais dende cine, ventrílocuos, bailarinas, autómatas... O que chama atención deste singular edificio e que despois das festas de verán mantívose en pé, e modificouse para a mellora das instalacións. Pasou a ser espazo sólido, amplo, elegante con un escenario no que podería desenvolverse unha grande compañía e no que actuaban artistas de todo o panorama nacional. Houbo un especial interés en decorar a nova fachada con estilo modernista, caracterizada polo seu gran arco na entrada. Xusto enriba aparecían en letras típicas da época o nome do local “Pabellón Lino”.



## MÁIS SOBRE O PAVILLÓN LINO

Lino Pérez empezou como vendedor de xornáis e despois de poner unha librería convertiuse no primeiro empresario de espectáculos da Coruña co célebre "Pavillón Lino"

Actuaba no Pavillón Lino "La Chelito" e o público, alborotado, reclamaballe que cantase "La pulga", un cuplé que logo interpretaría Sara Montiel, e o propietario do local, Lino Pérez, tivo que sair ó escenario a calmar os ánimos: "Cultura, señores, cultura; no j... que hay señoras". A frase fíxose tan famosa que chegou ós nosos días e incluso o humorista Quico Cadaval chegou a facerlle unha homenaxe nun dos seus espectáculos.

Lino Pérez (A Coruña, 1862-1918) empezou vendendo xornais pola rúa, fíxose máis tarde libreiro cun establecemento na rúa Real e acabou sendo un dos empresarios de espectáculos máis célebres. A súa fama traspasou o alto de Pedrafita. O cronista Juan Naya conta que en 1916, estando nos pasillos do Congreso dos Diputados o alcalde Manuel Casás falando con Azorín, o primeiro que o escritor lle preguntou foi se aínda Lino Pérez seguía co Pavillón.

Pérez amosou enseguida a súa sagacidade para os negocios e a modesta librería pronto sería un establecemento de referencia na Coruña de principios do século XX á que os coruñeses acudían a mercar as novidades editoriais e ónde se reunían a charlar escritores e periodistas.

Non satisfeito co negocio da letra impresa, Pérez embarcouse no mundo do espectáculo e levantou no Recheo o Pavillón Lino, unha arquitectura construída en madeira e de estilo modernista, seguindo a moda dos kioscos e pavillóns de ocio, a xogo co Kiosco Alfonso ou a Terraza que agora está en Sada. O inqueda Pérez sumabase así á moda do cinematógrafo en canto á exhibición do que sería considerado a séptima arte chegaba á cidade coruñesa, facendo sombra ós xa existentes Teatro Circo Pardo Bazán e o Cinematógrafo.

Aínda que o Pavillón Lino foi moito máis que unha sala de proxeccións. Fora inaugurado o 27 de xullo de 1906 pola compañía de zarzuelas Vivancos nun barracón algo máis humilde do que sería o edificio definitivo e o seu público, que empezara sendo popular, foise facendo máis amplo a medida que o local se ennobecía.

Nos seus trece anos de vida, o Pavillón Lino foi o teatro permanente da Coruña. Os máis afamados artistas da época, dende a cupletista Raquel Meller ou a Goya á actriz María Guerrero, pasaron polo seu escenario, que tamén albergou espectáculos infantís e de humor.

En opinión de un dos seus netos, o popular periodista do corazón Luis Mariñas, o seu avó foi "un avanzado para o seu tempo", con olfato para o negocio de variedades.

A vida do Pavillón Lino consumíuse o 3 de novembro de 1919. Un incendio iniciado na cabina do cinematógrafo acabou co popular local de

espectáculos. Actuaba esa noite, o ventríloquo Balder e a sala estaba reboante de espectadores, que puideron escapar a tempo. A estrutura do pavillón quedou reducida a cinzas en pouco tempo. A bahía coruñesa iluminouse coas chamas e o resplandor chegou ó outro lado da ría, hata Mera e Santa Cruz.

Para entón, o Pavillón Lino xa non era de Lino Pérez, senon de Isaac Fraga, un empresario e produtor cinematográfico vigués, que foi tamén exhibidor, promotor de espectáculos, importador de películas e incluso descubridor de estrelas. Nos anos vinte Fraga xa xestionaba ou era propietario da metade de das salas estables de Galicia.



## OBXETIVOS DO ESPECTÁCULO

- Crear un espazo de ocio para disfrute familiar atendendo tamén a responsabilidade de traballar para nenos.
- Ter en conta tamén uns obxetivos didácticos, ademais dos artísticos de maneira que o espectáculo serva tamén de ferramenta de aprendizaxe.
- Fomentar a creación de público familiar, tendo en conta tamén que o espectáculo teña interese para o adulto, aínda que sexa dirixido aos cativos.
- Dar a coñecer e homenaxear un edificio histórico e cultural galego, dos primeiros en ter unha programación teatral estable, xa desaparecido, ao público familiar, a través dun espectáculo teatral.



-Destacar a importancia da arquitectura modernista en Galicia, como elemento de interese cultural, que serve de inspiración para a creación da escenografía.



## OBXETIVOS DA COMPAÑÍA

- Traballar na creación de público familiar, tendo en conta crear momentos de ocio , que o neno e o adulto podan compartir.
- Respaldar e difundir características da cultura galega en xeral (idioma, historia, espazos...)dentro e fora do panorama autonómico.
- Colaborar con profesionais da ensinaza e outras disciplinas artísticas para aplicar o teatro e a arte en xeral como ferramenta de aprendizaxe.
- Buscar colaboracións de profesionais en canto a imaxe, vestiario, carteis.. con deseñadores, ilustradores , fotógrafos, compositores do panorama artístico galego e poder mellorar a calidade dos espectáculos, ao mesmo tempo que se pon en funcionamento o engranaxe laboral do sector teatral global.
- Manter o nivel de calidade dos espectáculos estreados e aproveitar as subvencións e axudas para crear proxectos cada vez mais coidados en tódolos seus aspectos (artísticos, técnicos e laborais) e levalos a cabo da mellor maneira posible.
- Ampliar o espectro de distribución dos espectáculos dentro e fora da comunidade autónoma Galega.

**O EQUIPO DE TRABALLO:  
PRODUCCIÓN:  
CARAMUXO TEATRO**

Caramuxo Teatro é unha compañía de Teatro Infantil e familiar nada na Coruña no 2003 formada por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. No ano 2003 estrea o primeiro espectáculo para bebés feito en Galicia : "GLub Glub". No 2008 estrea outro espectáculo para a primeira infancia: "Zapatos", espectáculo polo que tiveron unha mención especial na XXVI Mostra Internacional de Vall d'Albaida e está recomendado pola Rede Nacional de Teatros. No 2012 estrea "Ñam", tamén para bebés, no que se mistura teatro e cociña e no ano 2013 leva a cabo "Os Encontros dos Axóuxeres".

Caramuxo Teatro ten dende a súa orixe un especial interese polo traballo adicado a primeira infancia , creando montaxes para estas idades. Colabora directamente con centros de educación infantil nos que en moitas ocasións desenvolven o seu traballo adaptándoo as necesidades das escolas . Tamén participou co seu espectáculo "Zapatos" nas Xornadas de Teveo en Zamora e en varios ciclos específicos de teatro para bebés como "EL calderón en pañales" en Valladolid ou dentro de programacións infantís como "Todo público" , "Galicreques", a "M.I.T." a programación específica infantil del Teatre Escalante en Valencia, a Fetén, Galicia Escena Pro, entre outras. Actualmente, ademais de traballar nunha liña específica para bebés, ten en carteleira espectáculos para o público infantil e familiar. Dende os inicios mistura diferentes técnicas, teatro de actor, títeres, danza... tanto nos espectáculos para bebés como nos de público familiar, producindo montaxes entre as que destacan "Mensaxe sen botella" , "Historia dunha semente", "Animaliños", "Os Bolechas" ou "Pío" entre outros.



Ten experiencia no eido audiovisual na primeira e segunda tempada da serie "Os Bolechas", para a segunda canle da TVG.

A liña de traballo céntrase nuns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, cunha estética coidada e unha escolla musical axeitada de modo que o resultado sexa un traballo poético emotivo e visual para gozar en familia .

Caramuxo Teatro quere conseguir ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel educativo e cultural ademais do artístico, que consigan a fidelización do público.

Un obxectivo fundamental que se traballa en cada espectáculo é crear momentos de ocio para toda a familia, dos que podan participar tanto os bebés e os nenos coma os pais ou avós.

Outro obxectivo é colaborar na medida do posible con outros artistas galegos de outras disciplinas como poden ser deseñadores, músicos, bailaríns, que aporten elementos enriquecedores ás propostas, aparte de apoiar ós profesionais que traballan en distintos eidos artísticos moi relacionados coas artes escénicas.



## DIRECCIÓN:

Caramuxo teatro (Juan Rodríguez e Laura Sarasola) dirixiren esta proposta, despois de facelo conxuntamente en máis de 10 espectáculos como "Mensaxe sen botella", "Pío", "Os Bolechas", "Ñam" ou "Os Axóuxeres".

## ELENCO:

### XOSÉ VILARELLE:

Actor de recoñecido prestixio que participou en máis de 30 espectáculos profesionáis para compañías como o C.D.G., Teatro do Atlántico, Teatro do Noroeste, a compañía Luis Seoane, a Escola Dramática Galega, Librescena ou Espello Cóncavo e entre os que destacan "Hamlet", "Historias Peregrinas", "Vailando en Verán", "A Cacatua verde", "Cafe Imperial", "As obras completas de William Shakespeare", "Pervertimento" ou "Xogos á hora da sesta" de Teatro do Malbarate, polo que recibe o Premio Compostela 1994 ó Mellor Actor de Reparto.





## LAURA SARASOLA:

Laura Sarasola é actriz , diplomada como mestra de educación primaria e co-directora de Caramuxo Teatro. Desde os inicios do seu traballo profesional como actriz no ano 2002 compaxinou a actividade interpretativa coa de mestra impartindo clases de teatro a nenos e adultos en diferentes centros educativos e socioculturais . Estivo becada pola Deputación da Coruña para formarse da man de Juan Pastor no centro de interpretación “Guindalera Escena Abierta” de Madrid, despois de estudar durante 5 anos con de Lino Braxe e Flor Maceiras . Tamen ten formación en voz , danza e títeres. Como actividade profesional ten traballado en teatro para adultos e para nenos, centrándose nos últimos anos na creación específica de espectáculos para público familiar, e particularmente en espectáculos multidisciplinares para bebés como “Zapatos” e “Ñam” dentro de Caramuxo Teatro.

## JUAN RODRÍGUEZ:

Juan Rodriguez e actor , técnico en educación infantil e co-director de Caramuxo Teatro. Dende os seus inicios traballa na creación teatral para nenos de entre 1 e 5 anos de idade, e por iso estrea en 2003 o que foi o primeiro espectáculo de bebés feito en Galicia: “Glub Glub”. Tamén compaxina a actividade teatral coa educación e as clases de teatro para nenos de idade infantil durante varios anos en diferentes espazos e entidades. Ten formación na manipulación e realización de títeres. Leva dez anos traballando en Caramuxo Teatro na creación e dirección de diferentes espectáculos como “Zapatos” e “Ñam”, específicos para bebés. Con Caramuxo teatro tamén participa na serie audiovisual “Os Bolechas” da TVG.



**DESEÑO DE LUZ E TÉCNICA:  
SUSO JALDA:**

Suso Jalda traballou en Sonart como técnico de luz e son durante varios anos. Como técnico de iluminación participou en festivais de teatro de títeres como o Galicreques e a desaparecida Feira de Teatro Galega. Tamén traballou durante dous anos como técnico da sala da Sgae en Santiago nos ciclos de teatro infantil. Realizou o deseño de luces para Circio no espectáculo "Baile de Soños" e fai case 4 anos traballa como deseñador e técnico de luces en Caramuxo Teatro, facendo o deseño de iluminación de espectáculos para bebés como "Ñam" e "Zapatos" a parte de deseños para espectáculos para público familiar como "Pío", "Feo", "As fabas máxicas" ou "Mensaxe sen botella".

**DESEÑOS:  
CARLOS COMENDADOR:**

Carlos Comendador é un xoven arquitecto e ilustrador galego, que xa colaborou coa compañía realizando o deseño de monicreques e cartel do espectáculo "As Fabas Máxicas" e "Feo".

**REALIZACIÓN DE VESTIARIO:  
SOLEDAD GÓMEZ:**

Modista que xa traballou con Caramuxo teatro en anteriores espectáculos como "Pío", "Ñam", "As fabas máxicas", "Os Axóuxeres", "Na Casa" ou "Feo".

**CONSTRUCCIÓN DE MÁSCARAS:  
"EL TIGRE DE PAPEL":**

"El Tigre de Papel" é un taller de creatividade para nenos e xóvenes que elaborou neste caso unhas máscaras dunha coidada estética.

**OUTRAS NOTAS SOBRE O ESPECTÁCULO:**

O Pavillón Lino é un espectáculo pensado para toda a familia ambientado nunha época concreta sobre o ano 1920, na Coruña. Tentamos recrear o espacio coa súa fachada modernista, aínda que con algún cambio, en lugar de facer o espectáculo dentro dunha carpa realizámolo tendo a fachada como fondo. A montaxe poderá facerse en teatro con iluminación e na rúa co público en semicírculo o que garante a gran versatilidade da posta en escena.

Medidas mínimas para representar en espacios pechados:  
6 de ancho x 3,50 de alto x 6 de fondo.



Distribución:

Caramuxo teatro

[www.caramuxoteatro.com](http://www.caramuxoteatro.com)

[info@caramuxoteatro.net](mailto:info@caramuxoteatro.net)

699521803 (Juan) / 610848781 (Laura)